

PRESENTACIÓN

Os economistas han realizar contribucións imprescindibles para facerlles fronte ós retos da humanidade no século XXI. A erradicación da pobreza e da fame, as bolsas de marxinación e marxinalidade, o avellentamento da poboación, a desertización e o despoboamento do territorio, a débeda dos países máis pobres e a súa participación no comercio mundial, etcétera. Unha complexísima e longa listaxe de retos que requiren solucións urxentes.

O medio ambiente e o desenvolvemento sostible constitúen outra prioridade indiscutible da humanidade para o século XXI. Aínda que a toma de conciencia cidadá respecto á importancia da protección do medio natural é un fenómeno relativamente recente, o seu empuxe permitiu que desde a pasada década dos anos setenta os avances foran, cando menos, notables en moitas e amplas zonas da Terra.

Europa pode presumir de contar cos estándares ambientais máis esixentes do planeta, como corresponde a quen pretende liderar e servir de referente nos procesos internacionais que fomentan a protección do medio ambiente en todo o mundo. Todo isto nun contexto económico de liberalización comercial sen precedentes a nivel mundial e desde a economía máis aberta e importante do globo.

O noso alto nivel de desenvolvemento económico tivo e ten consecuencias concretas para a nosa contorna. Os factores económicos constitúen, xunto cos factores ambientais e sociais, referentes básicos para atopar un equilibrio estable que permita o desenvolvemento sostible.

Á fin e ó cabo, o compromiso co desenvolvemento sostible do mundo, co respecto ó planeta e coa solidariedade interxeracional que nos incumbe, son unha obriga de todas e tódolos cidadáns. Unha simple cuestión de respecto cara a nós mesmos e cara ó planeta que acolle e fai posible a vida humana no seu seo.

Necesitamos solucións para un abano enorme de cuestións complexas de carácter fundamental ou marcadamente económico que teñen repercusións innegables sobre o medio ambiente. A liberalización dos mercados enerxéticos no seo da Unión Europea deberá supoñer un descenso de prezos que pode converterse nun desincentivo para a realización de investimentos en materia de uso eficiente e racional dos recursos enerxéticos. Así mesmo, as enerxías renovables e ambientalmente limpas veranse afectadas.

Do mesmo modo, a protección do medio ambiente ten repercusións no ámbito económico. As directrices xerais de política económica da UE, que aproba o ECOFIN anualmente, teñen en conta o obxectivo do desenvolvemento sostible e o propio ECOFIN acaba de facer públicas as súas conclusións sobre desenvolvemento sostible e política empresarial. A fiscalidade da enerxía terá repercusións

sobre o medio ambiente e parecen necesarios novos instrumentos de financiamento para investimentos destinados á mellora do medio ambiente. O máis alto nivel político do noso continente realizará anualmente unha análise sobre o factor ambiental no marco do cumprimento dos obxectivos do Consello Europeo de Lisboa, mentres o VI Programa de Acción formula a necesidade de traballar en contacto máis estreito co mercado para avanzar ambientalmente, dándolles cumprimento ós compromisos subscritos polos europeos no seo das institucións internacionais.

Os compromisos internacionais adquiridos pola Comunidade Europea e por España a través da ratificación do Protocolo de Kioto, como elemento irrenunciable do Convenio Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, suporán a creación dun mercado de dereitos de emisión contaminante, no que o fin último de salvagarda da protección da vida humana se baseará sobre unha concepción económica e empresarial xusta, responsable, solidaria e transparente. A normativa sobre prevención e control integrado da contaminación obrigará, así mesmo, a realizar fortes investimentos no sector empresarial. Afortunadamente cada vez máis o sector empresarial asume plenamente a calidade e a excelencia ambiental coma un dos retos fundamentais da competitividade das súas empresas. Estas realizaron un esforzo importantísimo na última década para cumprir as obrigas derivadas da lexislación ambiental acordada polos nosos parlamentos e representantes. O esforzo investido, en beneficio de todos, destas empresas debe de ser obxecto de orgullo para nós e para o noso sector empresarial. Existen, sen embargo, outras empresas e cidadáns que aínda non asumiron plenamente o significado da responsabilidade social no século XXI nin nas súas formulacións nin nos seus plans de empresa, e estes deben de ser moi conscientes de que existe un compromiso firme no seo da nosa sociedade para darlle pleno cumprimento ó principio “quen contamina, paga”.

As negociacións no seo da Organización Mundial do Comercio deben desembocar en acordos firmes sobre as cuestións ambientais ligadas á protección do medio ambiente. A UE procederá a unha revisión da PAC o próximo ano de vital importancia para o futuro do noso medio rural: non é admisible que esas axudas, fundamentais para vertebrar socioeconomicamente e territorialmente estas zonas, poidan producir efectos negativos sobre o medio ambiente. Antes ben, as ditas axudas han facilita-lo fin último do desenvolvemento sostible nas zonas rurais.

O medio ambiente non só non pode ser un impedimento para o desenvolvemento social, territorial e económico do noso país senón que máis ben ha seguir aumentando a súa participación na creación total de riqueza e postos de traballo, como durante estes anos veu facéndoo. O investimento en medio ambiente cohesiona o noso territorio e supón un aumento manifesto da calidade de vida dos cidadáns. Non cabe dúbida, por exemplo, de que os investimentos necesarios para aplicar plenamente os contidos da Directiva Marco de Augas son elevados e serán máis elevados no futuro próximo, sen esquecer que o seu texto esixe que o prezo da auga deberá reflectir plenamente o seu custo, pero é innegable que a auga é

un ben imprescindible para a vida humana e que alí onde escasea ou non se xestiona ben se produce un descenso máis que significativo do nivel de calidade de vida das persoas ás que afecta.

A diversidade dos ámbitos que nos preocupan non teñen cabida nesta breve introducción, como é obvio, pero debemos seguir traballando xuntos sobre cómo introducir nos mercados tecnoloxías limpas a prezos razoables, sobre cómo mellora-la transferencia das mellores tecnoloxías dispoñibles cara ás empresas que as requiren, sobre cómo debemos expresar economicamente o valor do medio ambiente na nosa calidade de vida, sobre qué indicadores económicos definen mellor a nosa sostibilidade ambiental ou sobre cómo aumenta-los nosos niveis de converxencia coa UE a través da protección do medio ambiente.

Unha innumerable lista de cuestións de enorme importancia por responder sobre as que este número da *Revista Galega de Economía* quere achegar reflexións responsables e ambiciosas, como poderán comprobar.

Agardo que esta iniciativa se reproduza en moitas outras ocasións e contribúa así a fomentar un debate, o debate sobre o medio ambiente e a economía, que é necesario e debe de adquire-la relevancia que merece, aquí e en todo o planeta.

CARLOS DEL ÁLAMO JIMÉNEZ
Consellería de Medio Ambiente
Xunta de Galicia